

PLAN TIC
(2012-2013)
EPAPU DE TEIXEIRO
(CURTIS)

Coordinador TICs

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
1.A. AS TICS NA EDUCACIÓN.....	3
1.B. AS TICS NO EPAPU DE TEIXEIRO.....	3
2. OBXECTIVOS.....	4
2.A. OBXECTIVOS XERAIS.....	4
2.B. OBXECTIVOS CONCRETOS.....	5
3. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO.....	6
3.A. INFRAESTRUTURA DOS RECURSOS TIC NO EPAPU DE TEIXEIRO.....	6
3.B. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS DO CENTRO.....	6
3.C. NECESIDADES FORMATIVAS DO PROFESORADO.....	6
3.D. FOMENTO DE VALORES E TRATAMENTO DA DIVERSIDADE.....	7
3.E. DIFUSIÓN DO PROXECTO O RESTO DA COMUNIDADE.....	7
3.F. DESENVOLVEMENTO DO PLAN.....	7

1. INTRODUCCIÓN

1.A. AS TICS NA EDUCACIÓN

A implantación das Tecnoloxías da Información e Comunicación ou TIC no ensino é cada vez maior, aínda que unha boa parte do profesorado non teña as capacidades mínimas para o manexo dos ordenadores a case ningún teña coñecementos das posibilidades para a súa aplicación ao ensino.

De aí que de nada serve investir en hardware e software se non se desenvolven tamén contidos adaptados e servizos e, sobre todo, se non se fomenta a súa utilización. Por outra parte, formar ao alumnado mediante TIC supón unha serie de vantaxes incuestionables tales como: a gran cantidade de información a disposición do usuario presente na web, o acceso a información en igualdade de condicións para toda a comunidade escolar, a transmisión de información mediante múltiples formas expresivas (vídeos, presentacións multimedia, son, fotografías, ...) que, normalmente, resultan máis motivadoras para acadar a atención do alumnado así como unha maior individualización e flexibilización do proceso educativo.

1.B. AS TICS NO EPAPU DE TEIXEIRO.

O EPAPU de Teixeira, Cento Público de Educación e Promoción de adultos, é un centro que imparte ensinanza de adultos na provincia da Coruña, en concreto no Centro Penitenciario de Teixeira, Estrada de Paradela S/N, Curtis (Santa Eulalia).

A aplicación das TICs vese limitada por motivos de seguridade xa que os alumnos non poden ter acceso a internet. O EPAPU dispón dos seguintes medios para o desenvolvemento do plan TICs:

- ✓ Unha rede conectada a internet para o profesorado.
- ✓ Unha aula de informática con 20 computadoras (con Windows XP).
- ✓ Seis computadoras na sala de profesores.
- ✓ Unha computadora na biblioteca para uso do profesorado.
- ✓ Catro computadoras na Sala de Dirección.
- ✓ Cinco computadoras portátiles.
- ✓ Catro canóns proxectores.
- ✓ O EPAPU dispón dun sitio ou dirección web (www.edu.xunta.es/centros/epaputeixeiro) que se vai a actualizar coa colaboración de todo o profesorado.

2. OBXECTIVOS

2.A. OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
- Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
- Consultar e obter información a través das tecnoloxías da información e a comunicación, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.
- Lograr a integración das tecnoloxías da información e a comunicación como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.

2.B. OBXECTIVOS CONCRETOS

1. Facer un inventario exhaustivo da totalidade de equipos antigos e recen instalados no centro, así como doutros dispositivos (canón proxectores, escáneres, impresoras, cámaras dixitais, videocámaras, DVD, etc.).
2. Actualización de contidos a páxina web do centro.
3. Coñecer os recursos TIC que ten actualmente o centro.
4. Elaboración de normas de uso nas aulas TICs tanto para o alumnado como para o profesorado.
5. Inculcar ao alumnado un uso respectuoso, responsable e solidario dos medios informáticos do centro.
6. Aproveitar a utilización das TIC para mellorar a atención á diversidade.
7. Asentar entre o alumnado a concepción do uso das TIC como un medio de formación que supere o concepto lúdico que predomina nas súas accións.
8. Para manter unha seguridade na rede interna do centro actualización dos antivirus.
9. Incrementar a utilización da páxina web do centro como medio de comunicación interactiva co resto da comunidade educativa.
10. Realizar unha serie de actividades formativas coas que dotar ó profesorado das destrezas mínimas coas que levar as TIC á súa práctica docente.
11. Integrar efectivamente as TIC no proceso de ensino e aprendizaxe.
12. Concienciar ao alumnado e ao persoal docente das vantaxes de empregar o software libre, concretamente o emprego da suite ofimática OpenOffice fronte a outras de pago.
13. Ampliar a utilización das TIC á práctica totalidade das áreas e niveis do centro.
14. Conseguir a utilización dos recursos TIC como complemento habitual na práctica docente.
15. Aumentar a dotación de medios informáticos no centro e parella a ela un uso dos mesmos o máis intensiva posible por toda a comunidade educativa.
16. Fomentar que todo o alumnado teña acceso e poida ser formado utilizando os recursos multimedia e informáticos.

3. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

3.A. INFRAESTRUTURA DOS RECURSOS TIC NO EPAPU DE TEIXEIRO

Con motivo de utilizar e aproveitar os recursos existentes no centro en beneficio do proxecto. Proporase:

- Establecer certa seguridade nas Computadoras: procedendo a unha sistemática actualización de protección antivirus.
- Organizar as Computadoras da sá de profesores.
- Organizar e maximizar o uso das aulas TICs.
- Promover a reparación ou, no seu caso, reposición dos medios que por defecto ou inhabilitación para o seu uso deban cambiarse.
- Proceder a revisar e propor, dentro das posibilidades do centro dunha constante renovación realista dos sistemas.

3.B. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS DO CENTRO

Actualmente a utilización dos recursos TIC para a docencia no centro pódese facer:

- na aula de informática,
- na aula de vídeo

O ter unha única sala de audiovisuais e unha única aula de informática no centro e alí acudir todos os alumnos, obríganos a ter un **cadro de uso dos dous espazos** e a respecta-lo; o mesmo sucede cos portátiles, canóns, televisor e reprodutor de DVD.

No futuro preténdese:

- Maximizar o uso da aula de informática; de tal maneira que calquera profesor ou profesora se anime a utilizar, dentro do posible, as aulas TIC.

3.C. NECESIDADES FORMATIVAS DO PROFESORADO

A figura de alguén que coordine e motive o traballo coas TICs resulta obvia e necesaria. Debe de ter unhas horas de liberación suficientes e variables segundo a organización do Centro e o seu volume de traballo. O encargado de levar a cabo este plan e velar polo seu cumprimento será o Profesor encargado da coordinación TICs.

Ademais será o encargado de:

- ✓ Ordenar o material e clasificalo.
- ✓ Preparar actividades xerais e sobre todo motivar e facilitar o traballo de todos os demais membros.

- ✓ Realizar pequenos arranxos no software, introducindo novos programas, mantendo en funcionamento as actividades e programas....
- ✓ Estar ao día de traballos de outros centros e promover a realización de actividades no centro.
- ✓ Participar en reunións e debates.

Para un correcto desenvolvemento do proxecto, o profesorado debería formarse na mellora das destrezas TICs.

3.D. FOMENTO DE VALORES E TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

Buscarase que entre as actividades que cada Departamento vaia realizando mediante o emprego das TICs, se fomenten os valores democráticos, o tratamento da diversidade e a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

3.E. DIFUSIÓN DO PROXECTO O RESTO DA COMUNIDADE

As medidas para difundir o proxecto entre o alumnado, as familias e a comunidade educativa en xeral, farase a través da páxina web do centro, baseada en Drupal, que será o punto de información actualizado sobre o propio centro.

3.F DESENVOLVEMENTO DO PLAN.

O plan desenvolverase ao longo deste curso en función das necesidades e tratando de atender en todo momento as dificultades de aplicación que vaian xurdindo.

A final de curso realizarase unha avaliación do grado de cumprimento do plan. Que terá en conta a opinión dos docentes e alumnos.

Esta avaliación terase en conta para a elaboración de futuros plans TICs.